

MIDAS ■ O presidente da Asociación Europea de Periódicos en Linguas Minoritarias denuncia o recorte de subvencións públicas para estes xornais

"Moitas minorías senten vergoña da súa lingua e non a usan"

"Midas promoveu a solidariedade de toda Europa contra o peche do xornal vasco 'Egunkaria'"

Redacción · Santiago

O presidente da Asociación Europea de Periódicos Diarios en Linguas Minoritarias e Rexionais (Midas), Toni Ebner, e director do xornal *Dolomiten*, que se publica en Italia en lingua alemá, fai unha enérxica defensa deste tipo de cabeceiras, que alcanza a un público de catro millóns de persoas en 14 países e 13 idiomas diferentes.

Cales son os obxectivos de Midas?

A audición dos Premios de Xornalismo, os programas de intercambio e visitas de estudo para os xornalistas, un xornalismo de calidade, a colaboración tecnolóxica nos campos e as vendas, a promoción das minorías e dos seus medios de información, así como o intercambio de artigos de noticias son só algúns dos nosos obxectivos destinados a proporcionar unha importante voz en apoio das minorías dentro de toda Europa.

A unión fai a forza.

Certamente. Somos como un megáfono para poñer as cuestións das minorías na chamada "corrente principal" e no ámbito político. Sobre este tema, cómpre mencionar o peche do diario vasco *Egunkaria*, xa que deu lugar á solidariedade a prol da liberdade de prensa e de opinión, a través de Midas, ó longo de toda Europa.

É difícil sobrevivir neste mundo globalizado?

Non o creo. Os nosos xornais son informes non só a escala nacional e internacional, senón tamén a escala local, o que é cada vez máis importante para os cidadáns europeos. Pero hai tamén algúns problemas. Algúns pequenos periódicos teñen graves problemas financeiros debido a que o seu estado ou rexión está recortando as subvencións públicas e a que son demasiado pequenos para sobreviviren só cos ingresos dos exemplares vendidos e da publicidade.

Cal é a contribución dos xornais de Midas ós lectores?

Os nosos xornais reflicten a diversidade do patrimonio europeo e a variedade da cultura europea. Son mesmo unha ferramenta educativa para a preservación e mais para a promoción das linguas menos uti-



Toni Ebner, presidente de Midas e director de 'Dolomiten', en Santiago

"Galicia Hoxe, o mellor exemplo"

Toni Ebner destaca do xornal GALICIA HOXE, anfitrión da reunión de Midas en Santiago, o seu deseño que considera "moi amable para o lector por ter unha óptima relación entre o texto e as imaxes". Asegura que lle sorprendeu o número de páxinas e suplementos que se publican todos os días, especialmente o domingo. Para o director de 'Dolomiten', GH "é o mellor exemplo dunha pequena empresa de medios de comunicación innovadores que logrou con éxito competir con grandes periódicos nacionais e rexionais".

lizadas, as linguas minoritarias e rexionais.

A que aspiran estes diarios?

En primeiro lugar aspiran a protexeren as minorías e as linguas menos utilizadas e, en segundo lugar, un promotor da diversidade cultural. Somos ademais como un megáfono dos medios para levar as cuestións das minorías á chamada "corrente principal".

Son obxecto de discriminación os falantes de linguas minoritarias?

Efectivamente, por desgraza, adoita ser frecuente que os idiomas das minorías sexan considerados inferiores. Isto pode dar lugar a situacións como que os falantes se sintan avergoñados da súa lingua nativa e non estean dispostos a utilizalo. Iso é exactamente contra o que loita Midas. ●

CELEBRACIÓN

■ Mañá tamén se agasalla un libro

Un concerto co gaitero Pablo Seoane, Marful e mais Ophiusa

A compostelá Sala Capitol acolle mañá ás 22.00 horas o concerto co que GALICIA HOXE festexa o seu quinto aniversario. O gaitero Pablo Seoane, a música de confluencia rural e urbana de Marful e a tradicional de Ophiusa actuarán nun evento ó que están invitados todos os lectores e lectoras do xornal.

Para asistir de balde é necesario presentar na redacción do diario, na santiaguesa rúa Prexuntoiro, dúas invitacións das que se están publicando estes días nas súas páxinas, e cambiarla pola invitación definitiva.

Tamén mañá sábado, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, o xornal agasalla os seus lectores co libro *Xosé María Álvarez, un heroe galego*, escrito por Carme Hermida e ilustrado por Mauro Trastoy. Para afondar máis na figura de Álvarez Blázquez, o diario inclúe mañá un suplemento especial de 28 páxinas ó redor da súa vida e da súa obra.

Realizado polo coordinador da sección de Maré, Antón Lopo, este suplemento recolle ó longo das súas páxinas as opinións de distintos persoeiros da cultura galega sobre o homenaxeado este ano no Día das Letras.

Todo de balde e como homenaxe a quen cada día le o xornal na súa edición en papel ou en internet, que se pode consultar a diario no seguinte enderezo: galicia-hoxe.com. ● REDACCIÓN

XUNTANZA Representantes de ata 31 diarios visitan a sede do Grupo Correo Gallego para iniciar hoxe a súa Asemblea anual que ten como base a defensa das linguas minoritarias

PERIÓDICOS CON ADN

REY: "ESTAMOS A FACER UN EXERCICIO DE LIBERDADE E DE DEFENSA DUN SENTIMENTO"

Refacción · Santiago

"Os periódicos de Midas en toda Europa están a traballar conxuntamente intercambiando información, informando sobre as minorías, facendo lobby nas institucións europeas, adestrando xornalistas e outorgando premios xornalísticos". Así resumía este Toni Ebner, o presidente da Asociación Europea de Xornais en Linguas Minoritarias e Rexionais (Midas), as actividades principais dunha entidade que agrupa 31 periódicos europeos que se publican en linguas de minorías ou rexionais e á que pertence GALICIA HOXE.

Representantes de varios dos periódicos membros e da propia entidade visitaron onte pola tarde a redacción do Grupo Correo Gallego, antes de reunirse hoxe e mañá no seu congreso anual, que se celebra este ano en Santiago e que organiza GALICIA HOXE. Ebner deulle a benvida a todos os visitantes acompañado do director do xornal, Caetano Díaz, e do



Representantes de diarios europeos no inicio da súa visita á sede do Grupo Correo na que recibiron a benvida de José Manuel Rey e Caetano Díaz

AS FRASES

José Manuel Rey

"O idioma é un sentimento que forma parte do noso ADN particular. E contra esa forza interior todo o demais é inútil. Ninguén poderá con ela nunca".

Toni Ebner

"Midas estase a converter nunha forte voz para as minorías. Os nosos periódicos teñen máis de catro millóns de lectores en 13 linguas diferentes en toda Europa"

director de EL CORREO GALLEGO, José Manuel Rey, quen mostrou a súa satisfacción por "intercambiar experiencias con persoas e institucións que comparten o noso amor polo idioma". "Estamos facendo un exercicio de liberdade, un exercicio de dignidade como pobo e un exercicio en defensa dun sentimento", asegurou ante unha delegación interna-

cional chegada de países como Finlandia, Rusia, Romanía, Italia e Alemaña, entre outros. O director de EL CORREO GALLEGO finalizou o seu discurso afirmando que "o idioma forma parte do noso ADN particular e contra esa forza interior todo o demais é inútil". Os xornalistas europeos interesáronse ademais polo traballo e tecnoloxía dos xornais. ●